


“Jerome K. Jerome”, serie de Makyo; tres tomos:

Serie de intriga e humor do famoso guionista Makyo, cargada de bos personaxes secundarios. Jerome é unha especie de Harry Potter de pelo laranxa que convive coa súa noiva, en París, naturalmente. Os debuxos melloran de album en album.



**ESO:
Cómics
Guía de Lectura**




“Cóndor”, serie; dous tomos:

Intriga e aventuras nos sete mares. Cóndor é un mariño cun moi especial carácter —é só unha forma de dicilo-, e xa dicían os gregos aquilo de que o carácter é o destino...

“Franka”, serie de Kuijpers; un tomo:

O autor é un sociólogo holandés que un día decidiu crear unha nova serie cunha protagonista feminina, Franka, nova, deportista e... arqueóloga. Aventuras mil, deseño e unha certa obsesión polos detalles arquitectónicos conforman esta saga, herdeira da “liña clara” de Hergé (Tintín).



BIBLIOTECA

Máis información sobre Banda Deseñada
en

<http://biblioafonso.blogspot.com/>

ETCÉTERA: E, por suposto, tamén tes á túa disposición albums de Tintín en galego e francés, Astèrix en galego, castelán e francés, de Bieito, do Príncipe Valiente (nos tempos do rei Arturo), do vikingo Thorgal, do western Blueberry, o mariño melancólico Corto Maltese, e os inevitables Mortadelo, Zipi e Zape, e tantos outros por descubrir...


“Naruto”, vols. 30, 31 e 32:

O teu profe de patafísica necesitará que lle digan que é “Naruto”, pero non ti, ¿ou? Pois iso: manga (no bo sentido) na biblioteca. Tres novos tomos.




“Snoopy y Carlitos, 1961-1962”, de Schulz:

A máis famosa comic-strip. Protagonizada por nenos, pero non para nenos. Para deixarte atrapar polo seu fino humor e melancólica poesía deberás ler as tiras en orde, sen saltalas: o efecto é por acumulación.




“Zits”, vol.. 8 (“Historias de adolescentes”):

A famosa serie de humor que agora poderás ler comodamente, sen sufrir o inhumano tamaño do periódico dos teus pais onde a devorabas.



“Buen tiempo”, de Joe Matt:

Historia autobiográfica de cando Matt era un neno mentireiro, egoísta e aproveitado, que utilizaba sen escrúpulos aos seus pais e amigos para conseguir o seu último antollo. Hai cómics mellor debuxados, pero poucos con tanta garra.



“Bone”, vol.. 1:

O tomo 1 a toda cor da serie de maior éxito nas bibliotecas públicas (o propio creador dos Simpson declárase fan dela). Humor, aventuras e fantasía.



“Aya”, de Abonet, vol.. 1:

A guionista, africana, ofrece outra visión de África, máis alá da guerra e a miseria. Vida cotiá da adolescencia na África negra: amores, conflitos xeracionais, humor.

Refreshante e curiosa.

